

XUNTA DE FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO
ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 11 DE NOVEMBRO DE
2019

Borrador de Acta da reunión extraordinaria da Xunta de Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo do día 11 de novembro de 2019, convocada por orde da Presidenta da mesma, D^a. Almudena Bergareche Gros, ás 12:00 h. en primeira convocatoria, e ás 12:30 h. en segunda convocatoria, no Salón de Graos da Facultade, coa seguinte orde do día:

Punto único: Elección de Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

<p>Asisten:</p> <p>PDI PERMANENTE</p> <ol style="list-style-type: none">1.- D^a. Almudena Bergareche Gros2.- D^a Lydia Noriega Rodríguez3.- D. Pablo Fernández Carballo-Calero4.- D. Francisco J. Torres Pérez5.- D. Jaime Aneiros Pereira6.- D^a. María Antonia Arias Martínez7.- D^a. María Cruz Barreiro Carril8.- D^a. María José Bravo Bosch9.- D^a. Gloria Caballero Fernández10.- D. Jaime Cabeza Pereiro11.- D^a. María Isabel Cal Bouzada12.- D. Julio Costas Comesaña13.- D^a. Carmen Domínguez Rubira14.- D^a. Belén Fernández Docampo15.- D^a. M^a Dolores Ferrero Martínez16.- D^a. Margarita Fuenteseca Degeneffe17. D^a. M^a Noemi García Gestoso18.- D^a. Marta García Mosquera19.- D. Pablo Grande Seara20.- D. Ángel Mariño de Andrés21.- D. Rafael Fernández Acevedo22.- D^a. Helena Martínez Hens23.- M^a Teresa Martínez Táboas24.- D^a. Nora Martínez Yáñez25.- D. Luis Miguel Muleiro Parada26.- D. José Carlos Orge Míguez27.- D^a. Ana M^a Pita Grandal28.- D. José Ramón Rodríguez Lago29.- D^a. Emma Rodríguez Rodríguez30.- D^a. Carmen Ruiz Hidalgo31.-D. Anxo Tato Plaza32.- D^a. Inmaculada Valeije Álvarez33.- D. Javier de Vicente Remesal	<p>PDI NON PERMANENTE</p> <ol style="list-style-type: none">34.- D^a. Laura Movilla Pateiro35.- D^a. María Dolores Vázquez Iglesias36.- D. Alexandre Pazos Pérez37.- D^a. Rosa Rodríguez Martín-Retortillo <p>ALUMNADO 1º, 2º CICLO E GRAO</p> <ol style="list-style-type: none">38.- D. Daniel Fernández Romero39.- D^a. Andrea Fragueiro Gargamala40.- D^a. Karolina Laurencja Plaga41.- D. Koldo Martín Sevillano42.- D^a. Paula Rivera González43.- D. Óscar Rodríguez Martínez <p>ALUMNADO 3º CICLO</p> <ol style="list-style-type: none">44.- D. Tomás Farto Piay45.- D^a. Blanca Otero Otero <p>PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS (PAS)</p> <ol style="list-style-type: none">46.- D. Jesús Eiras Pérez47.- D^a. Alba Victoria Moldes Portela <p>Desculpan asistencia:</p> <p>D. Ángel Aday Jiménez Alemán (PDI non permanente)</p> <p>Non asisten:</p> <p>D^a. Rosa M^a Loveira Pazó (PDI permanente) D. Baltasar Manzano González (PDI permanente) D^a. M^a Esther Pillado González (PDI permanente) D^a. Patricia Valcárcel Fernández (PDI permanente) D. Ángel López Iglesias (alumnado 1º,2º ciclo e Grao) D^a. María Esther Pérez Rodríguez (PAS)</p>
---	--

Ás 12:35 h. do día 11 de novembro de 2019 comeza a reunión extraordinaria da Xunta de Facultade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

Punto único: Elección de Decano/a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

A Presidenta da Xunta electoral se refire á normativa electoral aplicable, isto é, os artigos 69 e 70 do Regulamento electoral Xeral da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario o 15 de outubro de 2019 (Diario Oficial de Galicia de 28 de outubro de 2019), e procede á lectura do artigo 70.2:

Artigo 70.2. “No caso de non acadarse a devandita maioría, terá lugar unha segunda votación na que resultará elixida a candidatura que obteña o maior número de votos. Se houberse unha única candidatura, esta terá que acadar maior número de votos a favor ca en contra”.

Explica que tras un biombo hai unha mesa con sobres nos que se atopan as papeletas no sentido de sí, non ou en branco á única candidatura presentada, isto é, á do profesor D. Francisco J. Torres Pérez.

A Presidenta concede a palabra ao candidato para que, nun intervalo de 15 minutos, expoña o seu programa electoral.

Unha vez que o candidato interviu, se abriu un turno de preguntas. Houbo dúas intervencións. En primer lugar, o profesor Jaime Aneiros Pereira sinalou que non viu ningunha referencia no programa sobre a adscripción do Dobre Grao ADE-Dereito ao centro. O candidato respondeu que o posicionamento do equipo con respecto á problemática que no seu día xerou o Dobre Grao é clara. Él coñece as circunstancias de porqué se adscribiu o Dobre Grao Ade-Dereito á Facultade de Económicas e o disgusto que supuxo esa circunstancia para este centro. Insiste en que as cousas agora están así e que o feito de levar como medida no programa a recuperación dun título que a día de hoxe non é noso comprometería a relación co outro centro e hoxe en día non é operativo. A Facultade de Económicas aporta unha serie de prazas e nós outras. Se nun futuro se incrementan as nosas prazas, podería plantexarse un cambio de adscripción. E prosigue sinalando que o mesmo pasa con Master de Empresa, que ao centro lle gustaría recuperar, xa que se impartiu con éxito en canto a titulación e nivel de alumnado, grazas por suposto a una moi boa Coordinación. O candidato asimismo, salienta que agora vai asumir a Coordinación do Dobre Grao o profesor José Carlos Orge, ao que agradece o reto de Coordinalo. E conclúe que non quere iniciar ningún proxecto enfrentándose a nadie.

Por outra banda, houbo unha segunda intervención. A profesora Ana M^a Pita Grandal sinalou que a Facultade de Económicas nin aporta nin deixa de aportar. Destaca que o compromiso do Reitorado neste sentido era que o Dobre Grao Ade-Dereito se xestionase aquí. E pon de manifestó que a Facultade de Económicas foi desleal con este centro, pois a fórmula utilizada foi a través dun informe no que a Administradora do centro dixo que os recursos da Facultade de Ciencias Xurídicas on eran suficientes. Un informe que califica de falso, respecto do que esta Facultade recibiu no seu momento os apoios do Valedor do Pobo e do Tribunal de Garantías. Os 250 estudantes que hai no Dobre Grao

Ade-Dereito posicionaría a esta Facultade moito mellor no entorno da Universidade de Vigo. E ademáis esto posiciona á Facultade de Económicas fronte a unha posible apertura do mapa de titulacións nun futuro.

En resposta a esta intervención, o candidato sinala que foi o primeiro que non seu momento apoiou a adscripción do título ao noso centro. Fronte á posible apertura dun mapa de titulacións, o candidato di que se verá nun futuro pero que hoxe non vai efectuarse.

Finalizada a rolda de intervencións, se procede á votación, segundo a normativa enriba citada.

Dun total de 47 votos, os resultados foron os seguintes:

- Sí a favor da candidatura de Francisco J. Torres Pérez: 38
- Non á candidatura de Francisco J. Torres Pérez: 8
- Nulo: 1 voto

A Presidenta comunica que resultou elixido o profesor Francisco J. Torres Pérez, por acadar un número superior de votos a favor ca en contra.

Sendo as 13:55, levántase a sesión.

A SECRETARIA EN FUNCIONES



Rosa Rodríguez Martín-Retortillo